

No voso lugar con interese patrimonial, decidiuse restrinxir o número de visitantes diarios por razón de conservación. É un lugar moi visitado, e aínda que só supera eses límites uns poucos días ao ano, a xente ten a sensación de que lles están “pechando as portas” e que administración e os traballadores “queren quedar con el para eles sós”. Fíxose un estudo de capacidade de carga, que xustifica amplamente a decisión tomada de reducir o número de visitantes diarios. Como llo explicaríades á xente que visita ese lugar esta medida impopular de xestión por medio dun panel?

Nun espazo natural protexido (enp) acaba de habilitarse un sendeiro moito máis longo que o anterior porque una das especies de aves “estrela” do enp está criando os seus ovos nesta época. Durante uns meses a xente terá dar un percorrido moito maior para chegar ao mesmo sitio, xa que nese tempo non se pode acceder a ese camino. Como lle explicaríades esta normativa á xente que visita o enp por medio dun panel?

Tedes que elaborar un panel interpretativo para una árbore senlleira situada nun lugar de bastante fácil acceso. Un dos problemas de conservación actuais é que ten ao seu carón un merendeiro no que se xunta motísima xente durante as fin de semana.

Tedes que facer un panel sobre un centro de visitantes abandonado nun lugar con interese patrimonial ao que non se pode acceder pero que chama moito a atención na paisaxe e atrae á xente ata ali.

Tedes que facer o panel de inicio para un itinerario que discorre por un unha zona con patrimonio etnográfico.